

“Cornos, cairos, pezuños e outros amuletos de orixe animal”

Rafael Quintía Pereira

O uso de amuletos e talismáns de orixe animal e de antigo coñecido e aínda hoxe en día está vixente esta crenza na nosa sociedade. De feito, é doado atopar en calquera tenda de bixutería, posto de artesanía ou tenda esotérica estes amuletos, ou imitacións e reproducións de carácter escultórico feitos con diversos materiais. Así, atopamos frecuentemente estes elementos protectores en forma de colgante con cairos, garras ou cornos e outros tipos de adobíos ou enxovais. Os amuletos de orixe animal ocupan un lugar privilexiado entre os obxectos ós que se lle atribúen poderes preservativos na nosa cultura tradicional. Asemade, habería que mencionalas moitas virtudes curativas dos pos dalgúns dos apéndices citados e doutras partes animais, produtos que eran habituais nas farmacias españolas dos séculos XVI e XVII e na nosa farmacopea popular.




Este tipo de amuletos adoitan levarse e utilizarse de distintos xeitos. Por exemplo, as cornas de vacaloura, como os cairos de xabaril e os dentes de porco son amuletos que deben ser levados enriba como medida protectora. Outra posibilidade de beneficiarse dos poderes valedores destes amuletos é colocalos en calquera lugar da casa, do alpendre ou das cortes do gando, como se fai cos cornos de carneiro e de boi, entre outros. Tamén adoitaban colocarse pendurados dunha trade do teito, na parede, na porta de entrada da casa ou entre a cachotería da casa ou da corte. Todos eles se caracterizan pola súa forma penetrante e punzante, o que, de maneira simbólica, dótaos dunha especial virtude para enfrontarse ó mal e defende-lo seu portador. Foron definidos como amuletos terroríficos, pois proxectan sobre o mal a súa imaxe intimidatorio e espantosa, conseguindo así mantelo afastado. Cando un se enfronta ó maligno facendo uso dun corno de touro ou un cabeiro de xabaril é como se estes animais estivesen loitando coas súas respectivas armas contra esa doenza ou ese mal. Son, xa que logo, armas simbólicas. Como principio xeral, a inmunidade obtida por medio de todos estes amuletos de tipo orgánico, como son o cairo de xabaril, o cairo do lobo, os cornos, a camisas de serpe, os pezuños, etc., baséase na lei do *similia similibus*, pola cal un animal, ou forza maléfica, non atacará a quen leve sobre si unha parte da vida dese animal ou desa forza. Pola mesma razón os cornos tamén afastarían a maléfica acción do demo, ó que se representa sempre como un ser cornudo. Por outra banda, a observación da vida animal confirmanos que a natureza dotou tódolos animais con armas para pelexaren e defendérense. Os cairos, os cornos, os pezuños, as cornas que empregan como elementos de defensa os xabarís, os touros, os cabalos, as vacalouras e outros animais tamén serven como armas simbólicas contra o mal. Posuílas, ou portalas como amuletos, representa loitar con esas poderosas armas contra as doenzas que ameazan a vida do individuo ou das súas xentes, ou contra o mal que ameaza a súa integridade física e as súas posesións. É interesante tamén destaca-lo valor simbólico do pé como referente de potencia e firmeza o que puido dar lugar a que se adoptasen como amuletos as patas e pezuños de moitos animais.

Á parte do uso profiláctico que se fai destes apéndices e elementos animais cómpre salientar tamén que moitas veces o marfil, o oso ou as hastas foron usados para substituír na fabricación de amuletos a outros materiais máis valiosos, como podían ser os tres materiais máis indicados dende a antigüidade polo seu valor profiláctico: o

acibeche, o coral e o cristal de rocha, cuxas propiedades xa foron eloxiadas por Plinio. Cando non se podía dispor de acibeche, de coral ou de cristal de rocha recorriase a materias cuxa cor imitara ou recordara á orixinal: o acibeche podía substituírse por vidro negro, o coral por pasta vítrea vermella e o cristal de rocha por marfil, oso ou hasta. Hoxe en día todos estes materiais son substituídos por derivados plásticos. Estes materiais eran utilizados ben de forma individual, ben sumando dous ou máis deles a fin de reforza-lo carácter protector do obxecto. Tamén é importante ter en conta a representación que se fai con ese material pois moitas veces materia e forma únense co fin de incrementa-la acción benéfica e protectora. Así un corno feito de coral ou acibeche unirá o poder profiláctico do acibeche, ou o coral, contra o mal de ollo e a forza intimidatorio do corno. Vemos, xa que logo, que as veces o que fai eficaz a un amuleto é a súa forma particular, e outras veces é a materia da que estea feito, máis é frecuente que forma e materia unan as súas virtudes para facer un amuleto que combine as propiedades de ámbalas dúas.



Corno de cervo



Os cornos de cervo, ó igual que ocorre con outros amuletos córneos ou de orixe animal, presenta dúas vertentes na nosa cultura tradicional. Por unha banda, son potentes amuletos en si mesmos, usado contra o mal de ollo e a acción do maligno, e pola outra, son considerados poderosos *alicornios*¹ debido á súa identificación e confusión, ó longo do tempo, co apéndice armado do unicornio. Por iso, moitas veces, cando nos falan de *alicornios* ou *licornios* é posible que a persoa estea a referirse a cornos

de cervo, cairos de xabaril, cornas de vacaloura, dentes de porco, etc., chamándolles a todos eles *licornios*, e usándoos co fin terapéutico propio do “verdadeiro” *alicornio*, pese a que na súa fisionomía pouco ou nada teñan que ver co hipotético aspecto do corno de unicornio. Nesta segunda acepción —como licornio— o corno de cervo úsase fundamentalmente para trata-las afeccións de pel, as pezoñas e a acción dos aires malignos de bichos. O corno de cervo tamén está relacionado co amuleto denominado *pedra da pezoña*, *pedra da serpe*, *pedra da cobra* ou *pedra do veneno*, considerado o mellor contraveleno contra toda picadura de serpe e mordeduras de calquera bicho pezoñento. Segundo Frei Gerónimo Feijoo, entre outros autores, estas supostas pedras sandatorias non eran outra cousa máis ca corno de cervo torrado a lume lento. Os anacos de hasta de cervo foron usados en Galicia como remedio contra a envexa e o mal de ollo. Nas terras veciñas de Portugal tamén se emprega o corno de cervo para cura-lo mal de pezoña de persoas e animais. Cómpre bota-lo corno nun recipiente con auga e lavar despois nesa auga a parte do corpo infectada pola pezoña.

¹ Para saber máis sobre o amuleto coñecido como *alicorno*, e citado neste artigo, consúltese o traballo do mesmo autor *Aplicacións curativas do alicornio na medicina tradicional galega* [<http://www.galiciaencantada.com/dentro.asp?c=34&id=1524>]

Cornos de carneiro, de vaca e de boi

Os cornos de carneiro, de vaca e de boi úsanse nalgúns lugares de Galicia para preservar do mal de ollo e para curalo. Outórganselles grandes virtudes contra os feitizos, a envexa, o mal de ollo, as bruxerías e, en xeral, contra toda influencia maligna. Era costume pór estes cornos de carneiro, de vaca ou de boi detrás das portas para protexerse da mala mirada. Xosé Lesta Meis cóntanos como en Eirís, nas Mariñas e en Sta.



María de Oza (A Coruña) para afasta-lo mal de ollo, as malas fadas e en tódalas cousas de meiguería cravábase na porta do curral, pola parte de fóra, un corno de carneiro e pola parte de dentro un morcego e unha ferradura. J. Rodríguez López tamén recolleu o uso de cornos como amuleto contra as bruxas, polo que se colgaban detrás da porta da casa e mesmo das ventas para rexeita-la maléfica intervención das bruxas. Levar un anaco de corno de castrón no peto protexía da Santa Compañía. J. Leite de Vasconcelos recolleu na súa *Tradições populares de Portugal* que na Beira Alta portuguesa as tecedeiras adoitaban pendurar dos seus teares cornos de carneiro *por causa das cousas ruins*. Isto lémbra-nos o costume galaico de pendurar bonecas nos teares que sería sancionado por San Martiño de Dumio ó consideralo práctica pagá.



Na actualidade aínda resulta doado atopar nas aldeas estes cornos cravados nas portas das casas, dos alpendres e nas cortes, ou mesmo metidos entre a cachotería dos muros de pedra das edificacións, como o corno de vaca que se amosa na foto adxunta, atopado por min entre as pedras dun cortello abandonado. En definitiva, o uso de cornos para a protección contra o mal de ollo adobiando portas de casas e alpendres é algo estendido na nosa xeografía, ó igual que o uso de ferraduras — metáforas da cornamenta do demo — co mesmo fin protector.

O *corno de vaca* tamén for identificado co *alicornio*. Recolle Joaquín Alonso que na aldea de Sotogayoso, no Bierzo, existía un *alicornio*, ou *alicor* como alí lle chaman, que consistía nun anaco de corno de vaca e que era un moi bo amuleto contra o mal de ollo. Este era un ben tan prezado nas herdanzas que, segundo as partillas dun testamento feito en Villanueva de Valdueza, equivalía, polo seu valor, a unha parella de bois. En Galicia tamén era frecuente que os mariñeiros colocasen cornos de carneiro ou boi nas súas embarcacións pesqueiras con fins protectores contra a acción do maléfico.



Non debemos esquece-lo *corno de touro*, outro dos amuletos córneos utilizados na nosa terra para combate-lo mal de ollo e mal de aire.

O corno de corzo



Outras veces é o corno de corzo o que se asimila cun *alicornio*. Na aldea berciana de Campoo Cántabro chamábanlle alicornio a unha hasta de corzo novo e sen ramificacións. Ó metelo en auga normal, esta convertíase no acto en auga medicinal. O dono deste corno estaba convencido de que a virtude sandadora da auga de alicornio estaba disposta pola vontade do Creador. Así o contaba Arturo de la Lana no 1964. Na parroquia de Mourente (concello de Pontevedra) estudei dous *alicornos* que proviñan de cornos de corzo, que presentan unha especial rugosidade da que carecen outros cornos, o que os fai moi valorados polo seu suposto maior poder sandador. Pódese concluír que o corno de corzo ten as mesmas virtudes e aplicacións que o corno de cervo, usándose ambos indistintamente para as mesmas aplicacións.

Cornas de vacaloura



Á vacaloura, tamén chamada escornabois, atribuíanlle os labregos grandes virtudes. Na nosa cultura tradicional, as cornas de vacaloura son consideradas potentes amuletos contra o mal de ollo dende ben antigo pero tamén foi potente amuleto contra a envexa, o meigallo e a acción das bruxas. A xente adoitaba pendurar estas cornas dos pulsos dos nenos para protexe-los contra o enganido, o tangaraño e o mal de ollo. Botándoo na auga onde se facía a masa para enforar, pensaban que o pan levaría máis axiña. Lavando as mordeduras de serpe, ou doutro animal pezoñento, coa auga na que estivese mergullado unha vacaloura algún tempo, a ferida sandaría. Non debe estrañar esta similitude co uso e propiedades do alicornio, pois as *cornas de vacaloura* (Lucanus-cervus) son denominadas licornio nalgúns sitios de Galicia. Ó se-la vacaloura un animal con cornos que tiña ás e voaba, foi doada a súa asociación co termo alicornio. Vicente Risco fálanos de que estas cornas, e mesmo a cabeza enteira da vacaloura, se levaban nunha bolsa pendurada ó pescozo, na faldriqueira ou ben á vista nunha cadea a xeito de colar, ou tamén na cadea do reloxo. Santiago de Peñalba recolle como nalgúns aldeas do Bierzo se colocaba na fiestra as cornas de vacaloura para afasta-la envexa, o mal de ollo, evita-la caída dos lóstregos e atrae-la boa sorte. Era amuleto valioso para protexerse da Santa Compañía. Eu mesmo lembro como a cabeza coas cornas da vacaloura era usado na miña parroquia de San Martiño de Salcedo (Pontevedra) por moitos pescadores de río que, ademais de como amuleto protector, a tiñan como obxecto propiciatorio da boa sorte, neste caso para ter unha boa xornada de pesca no río. Cóntanos J. Rodríguez López como o chamado “anelo de alicorno” era unha sortella de prata que, nalgúns lugares, tiña engastado un cachiño de alicorno (corna de vacaloura ou escornabois). Vemos neste testemuño como tamén se chega a

identificar e confundi-las cornas do escornaboís co alicornio. Asemade, era frecuente facer con estes apéndices colgantes contra o mal de ollo que se levaban pendurados do pescozo, como se fai coa figas. O cancionero popular recolle a crenza nos poderes sobrenaturais destes cornas de escornaboís:

*Non teño medo os teus ditos,
Nin medo do teu meigallo,
Que ando cunha vacaloura
E catro dentes de allo*

Pezuño da Grande Besta



Outro dos recursos para facer aneis protectores foi a denominada **Unlla** ou **Pezuño da Grande besta**. Este amuleto é o pezuño da pata traseira esquerda do alce, que ata o século XVIII gozou de grande reputación como antiepiléptico, quedando despois relegado a amuleto. Con este pezuño elaborábanse colgantes, sortellas e aneis — semellantes ó anel de alicornio— engastando anacos deste pezuño. Era o denominado *Anelo da Gran Besta*, outro dos amuletos usados en Galicia e do que xa nos falara Eladio Rodríguez. Polo seu carácter protector todos estes obxectos había que traelos pegados á pel. Cando os españois chegaron a América do Sur substituíron, na confección destes amuletos, o pezuño de alce por pezuños de tapir, xa que naquelas latitudes non se podían atopar alces. Quen visite o museo de Farmacia Hispana da Facultade de Medicina da Complutense de Madrid poderá ver expostos dous interesantes pezuños da Grande Besta, un dos cales amosamos na foto adxunta.

Pezuño de cabalo

O pezuño do cabalo é a súa arma defensiva, con ela da couces e protéxese do ataque das animalias. Posuí-lo seu pezuño e posuía forza da súa couce e o poder da súa pegada, polo que é un potente amuleto protector. Xunto coa pedra de ara, o allo e outros obxectos variados, un anaco de pezuño de cabalo, formaba parte dos elementos profilácticos que levaba a *bursa dos adobíos*, considerada como un amuleto eficaz contra os meigallos e o mal de ollo.

Unlla de lobo cervical

Este peculiar amuleto das terras do Bierzo foi descrito por Frei Martín Sarmiento no 1760. Nunha das súas cartas fala de: “*La especie de un animal feroz y desconocido que a la vista del Monasterio benedictino de San Pedro de Montes, en el Bierzo, se vió, se mató, se cogió y se desolló, y cuya piel se conserva en el dicho Monasterio*”. Continúa narrando as propiedades que posúe coma amuleto, a unlla do polgar do pe dereito do lobo cervical, nome co que se coñece ó lince ibérico. Esta unlla engastada en

prata, e levada a xeito de colgante, é un excelente preservativo contra a epilepsia, como ocorre co pezuño da Grande besta, e tamén son boas contra o espasmo.

Unlla de San Eleuterio

Existe a crenza de que aqueles cans que teñen na pata traseira unha unlla supletoria están inmunizados contra a hidrofobia, é dicir, a rabia. Normalmente son cans de montaña que presentan patas adaptadas ó seu medio natural, polo que posúen un esporón traseiro —unlla supletoria— que facilita o seu camiñar pola neve sen afundirse. Debido a esta crenza, posuír unha destas unllas —ás que se lle chaman Unlla de San Eleuterio— é garantía de protección contra a rabia, pois é ben sabido que San Eleuterio é avogado contra esta temible doenza e para exemplo o seguinte ensalmo:

*Can da rabia
Tente en ti
Que o San Alauterio
está no medio
De min e de ti*



Man de teixugo



A garra de teixugo usouse como amuleto contra o mal de ollo. Tamén se empregou a súa pel para adobia-los xugos ou as chocas, como fan en Asturias, co aquel de protexe-lo gando da mala mirada e dos males en xeral. Este feito xa fora comentado alá polo 1425 por Enrique de Villena no seu *Tratado de fascinación o aojamiento* cando referíndose á protección das cabalerías di:

Ponen eso mesmo a las bestias [...] cuero con pelo de tasugo en el collar e cabeçadas. E traen horuz, que son nóminas pequeñas en las cabezadas e petrales de los cavallos con çeras e figuras

Na nosa medicina tradicional tamén se usou o unto de teixugo derretida para trata-la dor de oídos.

Pata de Coello

É posiblemente un dos amuletos de orixe animal máis coñecidos e populares a nivel europeo. As patas de coello traen sorte e prosperidade, polo que se levan como amuleto. Posiblemente esta virtude teña algo que ver coa simboloxía do animal como expoñente da fertilidade, polo que se asociaría coa capacidade de atrae-la fartura.

Man de toupa, toupa e terra da toupeira

Outro dos amuletos orgánicos da nosa cultura popular. A pata de toupa é eficaz contra a dor de moas, o reumatismo, e a epilepsia. Adoita levarse nunha bolsiña pendurada ó pescozo. Pero non só a pata da toupa ten certos poderes senón que o animal enteiro está dotado de peculiares virtudes. En Galicia se lle atribúen a este animal certas propiedades que poden ser transferidas ó home dotándoo dun especial poder. Así se cre que aquel, cuxa man teña afogado unha toupa, curará —con só o contacto daquela man— a dor de moas e os cólicos. Francisco Javier Rodríguez no seu *Diccionario gallego-castellano*, (1863) di que a terra que a toupa saca á superficie cando fai as súas galerías subterráneas ten propiedades sandatorias, pois os ensalmadores úsana para cura-las lesións cutáneas, a postela ou o proído que sae na parte exterior do corpo, e que a xente chama lume de San Antón ou fogaxe. O médico Lis Quibén recolleu o seguinte ensalmo relacionado coa curación do Fogo Ardente (Fogo de San Antón) onde se cita expresamente o uso da terra de toupeira como elemento curativo.

*Fogo Ardente
Que queimas a xente
Donde vai tu padre, niña?
En la arada
Busca dos bois
A mais d'aguillada,
Con unto de porco blanco
E terra de nove tupeiras.
Co-axuda de Dios
E da Virxe María.
Un Padre Nuestro
E un Ave María*



Pelo de gato

Pénsase que o pelo de gato ten certo poder maléfico, pois si se envía un destes pelos prodúceselle epilepsia a quen o reciba. O mesmo se cre se se traga un pelo de gato. Rodríguez López conta na súa obra *Supersticiones de Galicia* que comer algo que tivera probado antes un gato é motivo para coller unha enfermidade gafentas ou o asma. Neste caso non falamos dun amuleto propiamente dito, senón das virtudes propiciatorias de sorte ou maléficas que posúe o gato na nosa cultura. Ó contrario do que se cre en moitos outros lugares, na nosa terra hai quen cre que ter un gato negro é garantía de boa sorte. Tamén Segundo recolleu Eladio Rodríguez, a observación do comportamento do gato axuda a predici-lo tempo meteorolóxico. Un oso de gato formaba parte do amuleto coñecido como *bolsa contra os maleficios*

Lagarto

Un lagarto no peto, na faldriqueira ou baixo o sombreiro é amuleto protector contra as mordeduras de serpe. Este uso lémbraños ó recollido por Diego Cuscoy nas Canarias, onde unha cabeza de lagarto seca dentro dunha bolsiña era usada a xeito de *detente*. Acostuma ser invocado



como elemento protector, velaí a fórmula máxica *lagarto,lagarto*. Segundo recolle Fraguas Fraguas no traballo *El lagarto y la cultura popular*, empregouse en actividades máxicas para propicia-la ruptura de matrimonios. O citado autor, recolle noutro traballo a crenza no fantástico lagarto de dúas ou tres colas, animal moi prezado, pois é quen de comunica-lo número que vai saír premiado na lotería. Tamén é crenza habitual na nosa terra aquela que lle atribúe ó lagarto a virtude de avisar do ataque da serpe, o que o converte nun protector do home. O meu bisavó lembraba aquela tarde de verán na que un lagarto arnal espertouno da súa soneca intres antes de ser atacado por unha serpe.

Pinza de boi de mar



A pinza de boi de mar é outro dos amuletos que podemos equiparar ás garras e cairos. Como o resto destes amuletos terroríficos é recurso protector contra o mal de ollo e, en xeral, contra toda acción do maligno.

Cairo de xabaryl



Foi considerado un eficaz amuleto de defensa contra os feitizos, e as bruxas. Escorrentaba o mal de ollo co que frecuentemente se lles puña nos pulsos ós nenos para protexelos. Á parte das súas propiedades contra estas doenzas de tipo psíquico —como o mal de ollo ou o tangaraño— tamén se dicía que das súas limaduras se obtiña un potente afrodisíaco. Por outra banda, estas raspaduras disolutas en leite, e tras facerlle o sinal da cruz co propio cairo á vez que se pronunciaban uns esconxuros, dábenselle de beber ó enfermo e eran remedio infalible contra a inflamación por mordeduras de animal velenosos. Así mesmo, era eficaz contra as serpes que de noite acudían a mamar nos peitos das mulleres lactantes ou dos ubres das vacas. A serpe que bebía deste leite morría subitamente. Tamén era bo para favorecer unha san dentición. No século XVIII foi utilizado como remedio farmacolóxico para combate-la pleuresía. O Cairo de xabaryl tamén foi denominado alicornio e soia ser engastado en base de prata

Dente de porco



O dente de porco, outro dos múltiples obxectos identificados ou confundido cos nosos alicornios, pendurado do peito dunha muller que vai parir facilitaba o parto. Tamén foi considerado eficaz amuleto contra o mal de ollo. Os dentes de porco ou de xabaryl como remedio contra o mal de aire son substituídos ás veces por dentes de allo, posiblemente pola súa similitude física.

Cairo de lobo



Como dente de besta que é protexe contra o mal de ollo e as bruxas. Na tradición galega crese que o lobo ten un grande poder na súa ollada capaz de facer prodixios como quitarlle a fala ós homes ou facer que unha escopeta non funcione ó intentar disparala contra el. Asemade, portar un dente de lobo é garanti-la protección fronte o lobo, quen ante a presenza do amuleto se manterá afastado. Perigo, que antano, agardaba ó camiñante nas noites escuras nos camiños montesíos. Nalgúns lugares da veciña Asturias, como ocorre no concello de Ibias, úsase o cairo de lobo para o tratamento das enfermidades das mamas, como a mamite, e para a curación das enfermidades da pel, como cuxizos, desipelas, picaduras ou pezoñas. Ramón de Cangas, no seu libro *La medicina popular en Ibias* conta que a cura destas doenzas cutáneas facíase pasando o extremo do cairo de lobo pola parte afectada, facendo cinco cruces, á vez que se recitaba o seguinte ensalmo:

*Si eres cuxillo,
Sale por este colmillo.
Si eres dixipela,
Vaite pa terra.
Si eres de sapo ou sapagueira,
Sálete pa eira.
Si eres de culobra ou alacrán,
Sáleme por este pan.
Si eres de dunicela,
Sáleme tamén pa terra.
Y a si foras de outra cousa,
Vaite pa encima de ua lousa.*

*Colmillo, colmillín,
Déixame axina sanín.
Faime de que quede novo,
Como te tía aquel lobo.*



Unha vez se remataba o recitado do ensalmo, había quen adoitaba esparexer un pouco de cinza quente sobre a ferida, ou ben unha codia de pan torrado empapada antes en cuspe ou cinza. Pódemos observar como, tanto o ritual como as aplicacións e propiedades sandatorias do cairo de lobo, coinciden coas propinidades atribuídas ó alicornio galego e cos métodos e ensalmos empregados no seu ritual curativo.

Roda de Boiacán



Pilar Darriba Rodríguez e Ángeles Méndez Gómez recolleron como na zona de Ferrol a dor de barriga cúrase coa *roda de boiacán* que é unha roda de cor negro feita de oso e que se coloca ó redor do embigo para calma-la dor. A descrición deste amuleto, a *roda de boiacán*, coincide con aquel amuleto en forma de anel de marfil descrito por Nicolás Tenorio, e que era usado para favorece-la dentición dos nenos e como remedio equivalente ó

alicornio. Tamén coincide co *alicornio* de oso circular usado en Asturias para combate-lo mal de ollo (*agueyao*). Polo tanto poderíamos dicir que esta roda de boiacán, usada contra as dores de barriga, sería outra variante do noso alicornio.

Camisa de cobra



A *camisa de serpe*, tamén chamada *camisa de cobra* ou *cóbrega* é utilizada para tratar mordeduras, facilita-lo parto, os fluxos, cortar hemorraxias, sandar da pezoña, da tiña, para favorece-la expulsión de secundinas, corta-la diarrea, como sudorífico, para a cura do catarro, da escarlatina, dos flegmóns, da reuma, da tise, do cólico de intestinos, da tose ferina e das migrañas.

Asemade destas doenza corporais tamén se usa a camisa de cobra como amuleto contra os meigallos, os encantamentos e o mal de ollo.

A camisa de cobra tamén é un valioso amuleto contra o ataque ofídico, pois posuí-la pel da serpe fai que esta se manteña afastada. Cómpre lembra-la crenza tradicional de que as serpes adoitan aproveita-la noite para coarse nas casas e ir chuchar dos peitos das mulleres recién paridas. Máximo Leyes, no 1888, recolle o uso da *camisa de culebra* como remedio ante a envexa e o mal de aire. Nuns versos de Valentín Lamas Carvajal volvemos atopar reflectida esta vella crenza nos poderes profilácticos da serpe:

*A nai unha bolsa
colgoulle ó pescozo
cos escapularios,
medallas e figas,
a pel dunha cobra
e os allos dun sapo.*

No folclore galego atopamos referencias da serpe como amuleto eficaz para ter éxito en certos negocios e tamén como elemento común de moitos remedios da nosa medicina tradicional, como por exemplo na elaboración do augardente de serpe, remedio utilizado no tratamento da pezoña.



Sapo

Como remedio para trata-lo mal de pezoña e o aire de bicho pendurábase ó pescozo unha bolsiña negra que levaba dentro un sapo seco. Había que colle-lo sapo vivo e metelo nun bote pechado ata que morrese alí dentro de fame e ficase o seu corpo todo seco polo tempo. Despois metíase este sapo na bolsa que se cosía cunha cinta e este amuleto había que portalo pendurado ó pescozo polo tempo necesario para que remitise o mal. Así se recolleu no concello pontevedrés de Vilaboa. Tamén se usaba como amuleto unhas figuriñas que representaban ó sapo e que se ataban ós pulsos para librarse do mal de aire.

Morcego

Un morcego cravado na porta prevía contra o mal de ollo e a mala acción da bruxas. Asemade, na medicina tradicional galega, o sangue de morcego foi usado como remedio curativo contra as cambras.

Peido de raposo ou rumeallos



Volvemos citar neste traballo a este peculiar amuleto de orixe animal formado polo refugallo da metamorfose da parraguesa ou barbantesa e que foi usado na tradición popular galega como potente amuleto polas súas virtudes afrodisíacas e esconxuradoras. O rumeallos tamén se usou como remedio curativo para sanda-la tose e para combate-la inhibición dos ruminantes a rumiar.

O *peido de raposo*, como se lle coñece en Terra de Montes, non é o único amuleto relacionado coas secrecións de certos animais. Buenaventura Aparicio Casado cóntanos como en Poio (Pontevedra) existe a crenza de que a pedra da pezoña —da que xa falamos noutros artigos— fórmanse da segregación que soltan sete cobras cando se xuntan e se refregan as unhas coas outras.

Cabeza de miñado

Dinos Eladio Rodríguez que quen leve a cabeza de miñado colgada sobre o estómago farase querer de todos. É dicir, que a cabeza da ave é un amuleto para atrae-lo amor, especialmente das mulleres. Tamén se di que si se pendura unha cabeza de miñado do pescozo dunha galiña esta correrá sen parar e non se deterá ata que llelo quite alguén. Non é a única ave empregada con carácter protector, unha pega morta pendurada dun pao no medio do campo sementado manterá afastados ós demais paxaros que porían en perigo a colleita. Así se protexían os campos, por exemplo, nas parroquias de Pontevedra.

Ovo de galo



O ovo de galo usouse en Terra de Montes como ingrediente do filtro amoroso coñecido como *Pos de venteconnmigo*. Existen moitas crenzas relacionadas con estes estraños ovos que, de cando en vez, poñen algúns galos. Unha destas lendas di que chocando un ovo de galo negro se obtiña un demo pequeno que se metía nun agulleiro xunto cun pouco de mercurio e unhas limaduras de ferro para facer un seguro talismán, pois o demo invisible que contiña o agulleiro faría todo o que se lle mandase, por imposible que esto parecese. Tamén se di que o ovo de galo contén un escorpión dentro. Chámase *ovo de serpe* ó ovo que poña un galo de sete anos, pois crese que del nacerá unha serpe. Se o dono do galo ve primeiro a serpe non lle pasará nada, pero si é a serpe quen ve primeiro ó home, este morrerá no ano en curso.

Cunchas e buguinas



As cunchas e os caracois de mar teñen un valor simbólico en moitas culturas. Por unha banda, evocan as augas onde se forman, polo que participan da fecundidade propia do líquido elemento. Por outra banda, a forma profunda da buguina lembra ó órgano sexual feminino, co que volvemos atopar unha relación coa fecundidade. Segundo C. Alarcón Román as cunchas que con máis frecuencia se usaban como amuleto en España eran as de ciprea, as de caurí —que foi valiosa moeda de cambio da África colonial—, a buguina e o berberecho.

Estes amuletos aparecen asociadas á protección infantil, polo que non é infrecuente atopalas engarzadas en prata e convertidas en axóuxeres. De feito os prateiros composteláns fabrican axóuxeres e mordedores de prata con forma de cuncha de berberecho ou de vieira. Tamén, nalgúns lugares da Península Ibérica, adoitaban coser estas cunchas en prendas propias da vestimenta infantil, por exemplo nos gorros de bautizo. Pero á parte de protector da infancia estas buguinas e cunchas, quizais polo seu valor simbólico asociado á fertilidade, tamén aparecen como amuletos propiciadores da concepción, e por iso eran levados polas mulleres. Asemade, e como ocorre con outros obxectos de forma peculiar como determinadas pedras (a pedra do leite), os caracois recheos con cera ou os glandes das landras usados en Cáceres, as buguinas polo seu parecido cuns peitos sans e voluminosos empregáronse para impedir que estes se deteriorasen e para favorece-lo seu endurecemento e resistencia ós efectos da lactación.



Cuncha de vieira



Poderíamos dicir que as cunchas son uns dos amuletos máis antigos que existen. Dende o paleolítico existen testemuñas da súa presenza como adornos e ofrendas mortuorias, á vez que amuleto con virtudes apotropaicas, protector do mal de ollo, dos feitizos e de todo mal en xeral. Asemade, as vieiras, aparecen esculpidas nos sartegos dos primeiros cristiáns das igrexas coptas e na Idade Media, xa convertida en símbolo xacobeo, aparece no enxoval de numerosas tumbas europeas. Tamén atopámo-la súa presenza en laudas medievais de Noia, de Compostela, e doutras vilas europeas como poden ser Toulouse (Francia), Guimaraes (Portugal), ou nunha igrexa de Soro (Dinamarca). Na actualidade é un dos elementos máis representativos de Galicia por ser símbolo icónico da peregrinaxe a Santiago de Compostela. Levar de volta unha cuncha de vieira (a *Pecten iacobeus*) era demostración de que o romeiro tiña chegado á terra do apóstolo. Polo que os peregrinos que se achegaban o mar de Fisterra adoitaban recoller estas cunchas nas súas praias. Co tempo creouse en Santiago un mercado de venda destas cunchas, algo que aínda perdura hoxe en día coa masiva afluencia de turistas. Os prateiros e acibecheiros de Compostela converteron estas cunchas mariñas en fermosas xoias, amuletos e adornos feitos en chumbo, latón, estaño, acibeche, oso, marfil e metais preciosos. Estas cunchas e alfaias representan o símbolo por excelencia do apóstolo Santiago e vendíanse nun florecente mercado na porta de Acibechería que tivo que ser regulado contractualmente pola Igrexa. Así acabou formando parte da indumentaria decorativa do traxe de romeiro figurando na esclavina, no sombreiro e no zurrón. A vieira xa era utilizada en Roma como amuleto, segundo algunhas interpretacións, pola súa semellanza coa man e como mesmo significado do amuleto musulmán máis popular: a *Man de Fátima*. A súa forma radial tamén lembra o rito que fan os peregrinos da imposición da man na columna da Arbore da Vida no Pórtico da Gloria. Como símbolo do mar asociouse á fertilidade, atribuíndoselle efectos afrodisíacos. Segundo outras interpretacións simbólicas, a cuncha de vieira, como símbolo de Venus, representa o renacer do peregrino, a súa resurrección tras chegar ó seu destino en Compostela. A morte do “ego” para dar paso ó “eu auténtico” o da sinxeleza e a humildade. Non falta quen relaciona esta cuncha coa pata palmeada dunha oca, símbolo de recoñecemento iniciático para moitas tradicións antigas. Leandro Carré Alvarellos na súa obra *Las leyendas tradicionales gallegas* relata unha orixe lendaria do uso destas cunchas como símbolo do apóstolo. Sexa cal fose o motivo da elección desta cuncha como símbolo xacobeo o que está claro é que coa súa adopción por parte da Igrexa se produciu a cristianización de tódolos valores simbólicos anteriores que puido ter este antigo amuleto.

Ollomao

Tamén chamado *Ollo de boi do mar*, de *boi mariño*, de *boi Vidal*, *ollo mariño*; *embigo mariño* ou *faba mariña*. O ollomao é a válvula dun caracol múrice ou o opérculo dos gasterópodos. Atribúenselle propiedades valedoras contra a dor de cabeza.



Frei Martín Sarmiento no seu *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega* di que o ollo de boi Vidal lévase en riba como amuleto para a vista e a erisipela, e posto na fronte retén calquera fluxo de sangue. Na súa obra *Obra de 660 pliegos* di o seguinte sobre estas cunchas:

[...]Boi mariño. Muertos esos animales, quedan en los arenales, o salen ellos con los embates del mar, esos huesos, tapas, o tapabocas, de los bois. Tiene ese testáceo tres nombres [278v] latinos en Anselmo Boot, [...]. Primero, Umbilicus marinus. Segundo, Umbilicus veneris. Tercero, Oculus marinus. En gallego se llama ollo de boi mariño. Se cogen muchos o se recogen en los arenales de las rías de Galicia, El citado Boot le hace específico para restañar la sangre. Añade que las francesas tienen ese hueso por secreto para moderar su inmoderado flujo de sangre. Mas dice que si ese hueso se moja con saliva por la superficie llana, y se pega a la frente, restañará cualquiera erupción de sangre. (2208) Siendo tan comunes en Galicia esos ollos de boi mariño, no puedo excusar referir aquí las virtudes que le atribuye Mr. Lemery. Es ese hueso, dice, aperitivo; resolutivo; alcalino; desecativo; para mover la orina; para quitar las obstrucciones; para dulcificar los humores crasos; para contener las hemorroides; para detener el curso de vientre. La dosis de sus [279r] polvos bebidos en licor proporcionado es desde medio escrúpulo hasta dos escrúpulos. [...]En Galicia se hacen botonaduras para las chupas, y las mujeres podrán formar cada día nuevos dijes, de ellos, o engarzados en una gargantilla con lo purpúreo hacia afuera, o engastados como se hace con algunas piedras preciosas, ciertas o falsas.

Segundo recollín dun informante da zona da Mariña este amuleto hai que levalo sempre enriba para que te protexa e dea boa sorte. Alí se conseguen na praia de San Cosme de Barreiros. Asemade das súas aplicacións curativas tamén se usa como elemento decorativo en botonerías de prata ou en gargantillas.

Cabaliño de mar



Pese a non ter conseguido aínda recolle-la presenza deste rarísimo amuleto na tradición popular galega, non me resisto a incluílo nesta artigo. E fágoo por varios motivos que nos amosan como este obxecto protector encaixa dentro do tipo de amuletos tradicionais galegos de orixe animal. Primeiro, pola presenza de moitos amuletos galegos de orixe marítima (cítese: ollo de boi Vidal, pedra corvina, buguinas, cunchas, pinzas de boi, etc.); segundo, pola presenza de amuletos galegos en forma de animais desecados, como sacos secos, morcegos, etc. e por último, polo testemuño do uso deste amuleto nas terras salmantinas, próximas ó territorio cultural galego. Sen esquecer que Galicia é a xeografía marítima máis achegada a estas terras castelás, tan frecuentadas nos anos da sega.

O etnógrafo Morán Bardón recolleu no 1931 o uso do cabaliño de mar como amuleto para o seguintes fins:

El caballo marino disecado o una imagen suya, lo llevan los jinetes para preservarse de las caídas, que se evitan así, y si alguna sobreviene, llevando este remedio, desde luego no se hace daño.

Existen outros moitos amuletos de orixe animal, como serían, os fósiles (**Pedras feitas**), a **Pedra bezoar** —concrecións calcúseas que soen atoparse nas vías dixestivas e urinarias ou noutros órganos internos dalgúns cuadrúpedes e que son gardadas como valiosos amuletos para trata-lo mal de pezoña, as infeccións cutáneas e outras doenzas como o colleitizo—; a **Pedra alidoña** — amuleto sandador formado pola concreción de pedra que se supón que se forma no ventre das andoriñas e que se emprega con fin curativos. Dise que curan as feridas co simple contacto e no Portugal úsase para trata-las doenzas de ollos —; a **Pedra de porco espiño** —concreción formada na vexiga do porco espiño á que se lle atribúe certas propiedades—; a **Pedra do galo** —concreción que se forma nos intestinos do galo e que segundo recolleu Eladio Rodríguez ten propiedades quiméricas e ilusorias—; **Pedra corvina** — óso que o peixe corvina ten na súa cabeza e considerado útil remedio contra varias enfermidades, especialmente contra o mal nefrítico e o mal de riles—; **Olo de serpe** —segundo o diccionario de Eladio Rodríguez dise dos dentes de peixes petrificados, que despois de ser puídas presentan círculos concéntricos que semellan ollos de animais ou os **Olos de cangrexo** —pedriñas calcáreas, convexas por un lado e planas polo outro, que crían interiormente os cangrexos e que tiveron moito uso en medicina como absorbentes. Pero non nos estenderemos máis sobre eles por que xa foron tratados no artigo sobre “pedras” sandadoras².

Tamén os amuletos que representan animais, como as figuriñas de peixes, de ras, ou de mouchos, constitúen outro grupo importante dentro do arsenal profiláctico dos amuletos populares. Pero estes merecerán un traballo particular, debido a súa grande variedade, tanto en forma, en materiais empregados como no valor simbólico das ditas representacións.

A Ferradura



Incluímos a ferradura neste traballo sobre amuletos animais pola súa relación simbólica, primeiro, cos cornos, pois a súa forma cando se pon cara arriba arremeda unha cornamenta, polo que se lle atribúen similares virtudes, e segundo porque a ferradura é unha arma simbólica asociada á pata do cabalo, que é o medio de defensa deste animal. A ferradura é un amuleto ambivalente, por unha parte é, ante todo, un amuleto da boa sorte e por outra parte é amuleto valedor contra a acción do maligno e o mal de ollo. En Galicia usouse para escorrenta-lo mal de ollo e como amuleto defensivo contra as bruxas. Cando se atopaban casualmente nos camiños, o seu achado era sinal de bo agoiro. Púñanse detrás das portas, e as veces complementábase a súa acción acompañándoos doutros

² Para saber máis sobre o tipo de amuletos referidos como *pedras sandadoras* e citadas neste artigo consúltese o traballo do mesmo autor *A pedra da pezoña e outras pedras sandadoras da cultura popular galega* [<http://www.galiciaencantada.com/dentro.asp?c=13&id=1555>]

amuletos como escritos ou cornos de carneiro. Xa os gregos consideraban a ferradura como símbolo de boa sorte xa que os poderes máxicos da ferradura emanaban do ferro co que estaban feitas, un elemento que se cría que afastaba o mal. Asemade, a ferradura tiña a forma dunha lúa en cuarto crecente, que era considerada como símbolo de fertilidade e fortuna. Os romanos adoptarían esta crenza dos gregos e, coa chegada do cristianismo, adquiriría a virtude de amuleto contra a acción maligna do demo e das bruxas, posiblemente, como xa dixemos, pola similitude entre unha cornamenta e unha ferradura coas puntas cara arriba. Mais a sabedoría popular e a haxiografía quixo buscarlle outra explicación menos terreal na lenda de san Dunstan. Segundo a tradición, o ferreiro Dunstan, quen chegaría a ser arcebispo de Canterbury no ano 959, recibiu un día a visita dun home que lle pediu unhas ferraduras para os seus pes. Dunstan observou que os pes deste descoñecido eran similares a pezuños e non tardou en recoñecelo como o propio Satanás. Coa escusa de que tiña que encadealo para poder face-lo seu traballo o futuro santo someteu a Satanás a intencionados tormentos no proceso de ferralo. Ante tanta dor o diaño acabou pedindo misericordia. Dunstan negouse a soltalo ata que non lle xurase solemnemente que non entraría xamais nunha casa onde houbera unha ferradura colgada sobre a porta. Dende a aparición desta lenda aló polo século X, os cristiáns empezaron a usa-la ferradura nas portas como amuleto protector das súas casas. Nalgúns lugares de Europa críase que as bruxas viaxaban montadas en vasoiras porque temían os cabalos, polo que calquera cousa asociada ós cabalos, como a ferradura, faría de amuleto protector contra a súa maléfica acción. A crenza era tal que moitos mulleres acusadas de bruxería eran enterradas cunha ferradura cravada na tampa do seu cadaleito para impedi-la súa resurrección. Sexa como fose, a ferradura é un dos amuletos máis populares na nosa terra e podémo-lo atopar dende cravado na porta dun cortello ata pendurado da defensa dun Mercedes Benz.

Á parte das ferraduras existen outros moitos obxectos que foron usados como amuletos e que están relacionados cos animais, como poden se-los **xugos** —que conteñen unha interesante simboloxía e iconografía protectora na súa decoración—, as chocas, que como os axóuxeres manteñen afastado o mal, ou mesmo **a corda de ata-las vacas**. Tamén podemos citar certos amuletos que veñen substituí-las cornamentas como armas simbólicas contra o maligno.



Falamos de amuletos que arremedan a forma da cornamenta, como pode se-lo **cornamán**, figuriña en forma de man que presenta o dedo mainiño e índice estendidos facendo a figura de dous cornos. Este amuleto é remedio usado contra o mal de ollo e a bruxería. Pero non nos deteremos máis tempo nestes obxectos protectores pois non son propiamente amuletos de orixe animal.

Pero non só foron usados como amuletos os apéndices e outras partes dos animais, senón que na nosa cultura tradicional tamén se dota de certos poderes a determinadas partes do corpo humano. Así, os nosos dentes, as nosas unllas ou os osos dos defuntos foron usados como amuletos para a protección de determinados males.

Dente de neno



Ó primeiro dente caído dun neno outórganselle virtudes de talismán e un grande valor simbólico como nexo entre nai e fillo. Lévese engarzado en aneis, ou colgantes como amuleto protector e favorecedor da boa sorte. Tamén existía o costume de gardar estes dentes de leite nunha caixiña ou recipiente, para evitar que se perdesen e o neno puidese sufrir algún tipo de meigallo ou maxia negra se algunha persoa ou forza maligna se facía cun destes primeiros dentes

que conservan o especial vínculo entre a nai e o fillo. Relacionado con este medo está a crenza recollida por Eladio Rodríguez de que se unha galiña comía un dos dentes que lle caera a un neno non lle nacería outro no seu sitio. Noutros lugares de España existe a



mesma crenza e pénsase que se un can, un gato ou un cabalo comía un destes dentes ou ben non nacería outro ou lle nacerían coa forma dos dentes do animal que llo comeu. As veces o que se facía para protexer estes dentes de leite era botalos ou agachalos en lugares inaccesibles a contactos impuros. Así, segundo os distintos lugares, botábanse ó forno, ó lume do fogar, ou enriba do forno, como se facía na nosa terra, pero tamén se lanzaban enriba do tellado á vez que se recitaba un ensalmo (como recolleu xa no século XVII Gonzalo Correias en Salamanca ou Leite de Vasconcellos no Portugal dos anos trinta), metíanse entre as pedras da parede, nos ocos da porta ou das ventas ou mesmo botábanse nun cemiterio ou nunha ermida como ocorría noutros lugares da xeografía peninsular. Tamén é importante destaca-la ancestral asociación máxica entre dente de leite, tellado (ou lugar similar) e rato, relación xa estudada polo antropólogo británico James Frazer e que reflicte a crenza no contaxio simpático da fortaleza dentaria dos ratos, é dicir, que se un rato se fai cun destes dentes de leite ó neno naceralle unha nova dentadura forte e san, de aí a teima por ocultar ou bota-los dentes nestes peculiares lugares accesibles a estes roedores.

Oso de morto



Segundo recolleu Rodríguez López , os osos de defuntos eran recomendados como talismán e como medicina para facerse querer ou para esquecer, segundo vontade do crente. As curandeiras receitábano como potente filtro amoroso, administrándose en po para dárllelo de beber ó mozo mesturado con viño. Os osos de defunto tamén formaban parte dunha bolsa contra os maleficios. Esta bolsa contiña un osos de can, un osos de gato, un fragmento de osos de defunto,

un anaco da trenza da caixa do morto, tres follas de ruda e un allo verde. Este amuleto levábase cosida no lado esquerdo do xustillo. De osos de defunto mesturado con graxa de porco e outros ingredientes dise que se facía o *cacho*, a pomada que empreñaban as


buxas para poder voar. Estes ungüentos eran en realidade potentes alucinó xenos administrados de forma tónica que algunhas bruxas utilizaban para alcanzar estados alterados de consciencia nos que conseguían, entre outros efectos, te-la sensación de voar.

Unllas



As unllas humanas tamén se usaron para confeccionar filtros amorosos. Dise que para facerse querer cómpre darlle a beber á persoa amada reladuras das propias unllas mesturadas cun líquido para que non se note ó bebelas. Observamos como, ó igual que ocorre cos dentes de leite, as unllas cortadas tamén son obxectos maxicamente sensibles en nalgúns lugares de Andalucía lanzábanse ó tellado para evitar que foran pisadas ou mal utilizadas. O uso de substancias corporais para a confección destes preparados amorosos non se limita as unllas. Tamén ó sangue menstrual de muller mesturado cunha bebida foi empregado para facer caer namorados ós homes.

Reliquias



E xa que falamos de amuletos orgánicos de orixe humana e de osos de defuntos non podemos deixar de menciona-los amuletos máis famosos e potentes desta categoría, referímonos ás reliquias constituídas por anacos de osos de santos ou partes conservadas do seu corpo —o que se chama reliquias de 1º grao— e cuxa veneración estendeuse por toda a cristiandade parella ó culto ós mártires. Hainas para tódolos gustos, brazos incorruptos, anacos de osos, falanxes, mans, cranios, etc. Cada unha delas ten unha aplicación e unha virtude propia e especial e todos eles están impregnados do poder que todo obxecto relixioso ten para loitar contra o maligno e mantelo afastado. Falamos, xa que logo, de amuletos que poderíamos catalogar como relixiosos. Por citar algúns exemplos podemos lembra-lo pelo de María Magdalena gardado en Monforte, a mandíbula de san Cristovo en Celanova, a osamenta de San Capiro en Outes, os restos de Santa Minia en Brión, ou as máis famosas de tódalas reliquias, as do apóstolo Santiago. Pero das que quero falar, non son estas reliquias famosas que contan con grande veneración de devotos senón daquelas menos coñecidos, que están en mans privadas e que se conservan como valioso obxectos de poder que son solicitados por particulares para obte-la súa sagrada intervención protectora ou curativa. Sirvan como mostra as dúas seguintes reliquias: A reliquia de San Ramón, que localicei en Vilagarcía en mans dunha rama familiar, e que é un fermoso camafeo de prata e cristal cunha estela dun oso de San Ramón —patrón das parturientes— o que lle dá a esta reliquia o valor de amuleto protector das mulleres nos partos, e a lingua de San Bernabeu (ver foto adxunta), localizada en Cerdedo, valioso remedio para os nenos que prenden na fala.

Opoterapia



Todos os obxectos de poder que vimos de comentar son amuletos protectores contra o mal, pero como material orgánico tamén son elementos sandatorios frecuentes na composición de remedios, filtros e apócemas da nosa medicina popular. Polo que o uso de todos estes amuletos protectores pódese encadrar, asemade, dentro do que se coñece como opoterapia, é dicir, a terapia que fai uso de partes de animais para o tratamento de distintas afeccións. Empréganse diversas partes dos animais como pelos, plumas, cornos, unllas, tecido óseo, órganos brandos, sangue ou líquidos corporais. As veces o que se busca co uso destes elementos é un efecto de tipo máxico ó tratar de que as calidades do animal sexan transmitidas ó paciente. Noutro casos o seu uso é puramente farmacolóxico e a ciencia ten corroborado o carácter efectivo dalgunha destas sustancias e compoñentes de orixe animal.

No cadro adxunto amósanse algúns exemplos do uso de elementos animais na medicina tradicional galega. Por suposto existen moitas máis aplicacións e usos de animais pero sirva este pequeno cadro para dar unha idea dos recursos da nosa opoterapia.

ANIMAL	PARTE USADA	APLICACIÓN CURATIVA
Alacrán	Todo o animal	Mordedelas
Andoriña	Concrecións calcareas do seu estómago	Feridas da pel e doenzas dos ollos
Anguía	Anguía en salmoira	Gota
Araña	Arañeira	Hemorraxias
Vermes	Todo o animal	Ictericia
Cabalo	Crina, pezuño	Sarna, mal de ollo
Cabuxa	Unto	Gripe, feridas nos beizos
Can	Cabeza queimada en po	Cancro
Cangrexo	Concrecións calcareas que se forman no seu interior	Usadas como absorbentes
Carneiro	Corno, sebo	Mal de ollo, catarro
Cervo	Corno, sebo	Pezoñas, mal de aire, mal de ollo
Coello	Sangue	Dicipela
Cordeiro	Sebo, vesícula	Espinela, furúnculos
Corvina	Pedra corvina (oso da fronte)	Dor de riles
Corzo	Corno	Mal de pezoña, mal de aire, mal de ollo
Galiña	Caldo de galiña, unto, sangue, excrementos fervidos, galiña negra en canal, crista de galiña negra	Dor de costado, cólicos, fluxos, fracturas, cólicos, papeiras, recién paridas, erisipela, desipela, inflamacións do cute
Galo	Crista	Erisipela
Gato	Sangue	
Grilo	Grilo cocido	Retención de ouriños
Lagarto	Todo o animal, sangue, pel	Mordedelas, cambras, catarro
Lebre	Orella	Anxinas
Lesma	Todo o animal, baba	Espullas
Lobo	Unto, pelexo	Reumatismo

Miñoca	Aceite de miñoca	Gota
Morcego	Sangue	Cambras
Oso	Unto	Gota
Ovella	La	Erisipela
Perdiz	Unllas con leite, unllas moídas	Contusións, dor de articulacións, inflamacións
Piollo	Todo o animal	Anemia, ictericia
Pomba	Caldo de excrementos	Calvicie
Porco	Unto, bile, tecido esponxoso da queixada, vesícula, dente, pezuño chamuscado	Feridas, histerismo, uñeiros, papaeiras, herpes, erisipela, furúnculos, frieiras, callos
Ra	Pel	catarro
Rato	Caldo de rato, aceite de rato	Tiña, tifos, enéuresis, escarlatina, dor de oídos, tose ferina
Sabanduxa	En ungüento	Eccemas
Salamántiga	Carne	Grans supurantes, eccemas
Sambesuga	Todo o animal	Problemas circulatorios, conxestión de pernas, dores reumáticas, gota, dor de costas
Sapo	Sapo aberto, sapo seco	Anxinas, mal de ollo
Serpe	Cabeza esmagada, camisa, caldo coa camisa, augardente de serpe, sangue, carne cocida, graxa	Mordeduras, facilita-lo parto, fluxos, hemorraxias, pezoña, tiña, expulsión de secundinas, diarrea, sudorífico, catarro, escarlatina, flegmóns, reuma, tise, cólico de intestinos, tose ferina, migrañas.
Teixugo	Garra, corpo, unto	Mal de ollo, reumatismo, dor de oídos
Toupa	Pata, terra da toupeira	Dor de moas, reumatismo, epilepsia, lume de san Antón
Vacaloura	Cornas	Mal de ollo, enganido, tangaraño
Xabaril	Graxa, cairos	Reumatismo

Tan só nos queda, para rematar, volver facer fincapé no que xa adiantamos ó comezo deste artigo, os amuletos orgánicos de orixe animal foron utilizados dende a máis remota antigüidade e son, xa que logo, os obxectos de poder que máis tempo levan connosco. En distintos depósitos auriñacienses atopáronse cornamentas de distintos animais, cairos de raposos, de lobo, de oso, incisivos de herbívoros, dentes de cachalote, dentes de hiena, de reno, de cabalo, caracois mariños, cunchas, buguinas e fósiles de moluscos, que foron usados como colgantes, e mesmo pequenas perlas perforadas de hasta con marcas que, segundo algunhas hipóteses, son representación de corpos de coleópteros (coccinerllas), como apareceu na cova de Tito Bustillo, na veciña Asturias.

Cranios, cornamentas, pezas dentais, cunchas, fósiles e minerais atractivos pola súa forma e color foron obxectos gardados polo home paleolítico con pouca ou nula manipulación cun sentido de asociación ó esotérico. Estes obxectos son evidencias de que interesaban pola súa rareza e forma chamativa e estarían relacionadas con algún tipo de cualificación relixiosa, terapéutica ou máxica, asemade do seu, cando menos, carácter ornamental.

Atraídos pola aparencia destes soportes naturais os artesáns paleolíticos elaboraron tamén imitacións de pezas dentarias, de cornos e de cunchas noutros materiais como a hasta, o marfil e distintas rochas (alabastro, esteatita, lignito, esquistos, micasquistos, etc.) A confección destes adornos-amuletos de imitación semella que foi unha moda moi arraigada no Auriñaciense a tenor dos abundantes rexistros arqueolóxicos atopados. Moda e tradición que hoxe en día, en pleno século XXI aínda perdura entre nós.

Imaxes:

Tódalas imaxes son propiedade do autor agás aquelas que se especifica a súa fonte.

Foto 1: Garra de oso

Foto 2: Corno de nácar

Foto 3: Cornamenta de cervo

Foto 4: Corno de boi

Foto 5: Cornos de cabuxas

Foto 6: Corno de vaca

Foto 7: Corno de corzo

Foto 8: Corna de vacaloura

Foto 9: Pezuño da Gran Besta (Propiedade: Museo de Farmacia Hispana da Universidade Complutense de Madrid)

Foto 10: Man de teixugo (Fonte: <http://www.mcu.es/promoArte/MC/animalario/introduccion.htm>)

Foto 11: Can de raza Montaña do Pirineo, con esporón nas súas patas traseiras

Foto 12: Gato negro

Foto 13: Lagarto

Foto 14: Pinza de boi de mar

Foto 15: Cairo de xabarl

Foto 16: Cairo e dentes de porco

Foto 17: Cairo de lobo (Fonte: <http://www.ellejanooeste.blogspot>)

Foto 18: Cairo de can

Foto 19: Roda de Boiacán

Foto 20: Camisa de cobra

Foto 21: Augardente de culebra

Foto 22: Peido de raposo

Foto 23: Ovo de galo

Foto 24: Caracol de mar

Foto 25: Axouxere- mordedor de prata con forma de cuncha de berberecho

Foto 26: Cuncha de vieira

Foto 27: Ollomao

Foto 28: Cabaliño de mar (Fonte: <http://www.mcu.es/promoArte/MC/animalario/introduccion.htm>)

Foto 29: Ferradura

Foto 30: Cornamán

Foto 31: Xugo

Foto 32: Dente de neno

Foto 33: Colgante con dente de neno engarzado

Foto 34: Anel con dente de neno

Foto 35: Oso de morto

Foto 36: Lingua de san Bernabeu

Foto 37: Cabeiras, cornos e animais disecados

Bibliografía

- Alonso, J. *Bierzo mágico. Animales imaginarios, enigmáticos y simbólicos*. [http://www.saber.es/web/biblioteca/libros/bierzo-magico/html/t14.htm]
- Aparicio Casado, B. *A tradición oral en Poio*. Deputación de Pontevedra
- Aranda, A., Biseca, C., Sánchez, G., Sánchez, G., Ramos de Viesca, M., Sanfilippo, J. *La materia médica en el Libellus de Medicinalibus Indorum Herbis*. Revista Facultad de Medicina UNAM, Vol.46, nº1. En-Feb 2003
- Asociación Cultural El Gorrión. *La botica de Castejón de Sobrarbe en el S.XVIII*. Revista El Gorrión, nº103, pax.6-14. Ed. Asociación Cultural El Gorrión. Mayo 2006
- Barandiarán, I. *Imágenes y adornos del arte portátil paleolítico*. Ariel. Barcelona 2006
- Becoña Iglesias, E. *Medicina Popular*. Ir Indo edicions.Vigo 1988
- Carré Alvarellos, L. *Las leyendas tradicionales gallegas*. Espasa-Calpé. Madrid 1983
- Jerónimo Feijoo, B. *Teatro Crítico Universal* [http://www.filosofia.org/bjf/bjft000.htm]
- Jerónimo Feijoo, B. *Cartas eruditas y curiosas. Tomo II*. Madrid 1773 [http://www.filosofia.org/bjf/bjft000.htm]
- Leite de Vasconcelos, J. *Tradições populares de Portugal*. Impr. Nacional. Casa da Moeda. Lisboa, 1986
- Lesta Meis, X.. *Estebo*. 1927
- Lis Quibén, V.: *La medicina popular en Galicia*. Gráficas Torres. Pontevedra 1949
- Mariño Ferro, X.R. *La medicina popular interpretada*. Ed. Xerais de Galicia. Vigo 1986
- Mariño Ferro, X.R. *La medicina popular interpretada II*. Edicións Xerais de Galicia. Vigo 1986
- Martínez Saura, F. *La farmacoterapia en Celso y Escubonio Largo*. Espacio, tiempo y forma. Serie II, Historia Antigua, T.8, Pax.439-474. Ano 1995
- Pedrosa, J.M. *Conjurios y ritos mágicos sobre la dentición infantil*. Revista de dialectología y tradiciones populares. Tomo XLVIII, Caderno 2º Pax.154-167. CSIC. Madrid 1993
- Quintía Pereira, R. *Aplicacións curativas do alicornio na medicina tradicional galega*. Revista de investigación de Galicia Encantada. Ano 2009 [http://www.galiciaencantada.com/dentro.asp?c=0&id=1524]
- Quintía Pereira, R. *A pedra da pezoña e outras pedras sandadoras da cultura popular galega*. Revista de investigación de Galicia Encantada. Ano 2009 [http://www.galiciaencantada.com/dentro.asp?c=13&id=1555]
- Rodríguez López, J.R.: *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*. Impreta de Ricardo Rojas. Madrid 1910
- Risco, V., *Miscelánea folklórica, en Cuadernos de Estudios Gallegos, II*, Santiago de Compostela, 1946-47
- Risco, V., *Obras completas Vol.3 Etnografía* Ed. Galaxia S.A. Vigo 1994
- Rodríguez González, E. *Brevario enciclopédico Don Eladio. Letras, historias e tradicións populares de Galicia*. Ed. La Voz de Galicia S.A. 2001
- Vaqueiro, V. *Guía da Galiza máxica, mítica e lendaria*. Ed. Galaxia. Vigo 1998
- Gran Enciclopedia Gallega. Tomo II. Amuletos*. Director Otero Pedrayo.Silverio Cañada editor.
- Gran biblioteca temática gallega. Las gentes: Menciñeiros, saludadores e compoñedores. Vol.1*. EA editores.
- Gran biblioteca temática gallega. Meigas, trasnos e lobisomes. Vol. II. Los seres míticos que pueblan la Galicia mágica*. Pilar Freire, Rey Insua, L.,Eireoa A.M., Caneda, R. EA editores